

NON TODO SON LUCES EN VIGO; TAMÉN HAI SOMBRAS

Acabouse o fulgor, ese resplandor do abrente, a luzada do día que transmitía o Sr. Alcalde asistindo ás concentracións das educadoras diante das escaleiras do Marco; canta razón tiñan as traballadoras naqueles momentos de esplendor... pero lentamente chegaron as tebras...

O luns 14 de setembro mantivemos unha xuntanza co concelleiro de educación do Concello de Vigo. Trasladámoslle a situación das escolas infantís municipais e os problemas que provocan as actitudes dalgunhas das empresas que as xestionan. Informóuselle de irregularidades, incumprimentos e situacións manifestamente ilegais. Certo é que o concelleiro Gorka intentou nun primeiro momento botar balóns fóra dicindo que iso eran cuestións entre as empresas e as traballadoras. Houbo que lembrarlle ao señor Gorka que esas escolas son de titularidade municipal e que hai unhas cláusulas administrativas nos pregos das licitacións que deixan moi claras cales son as obrigas do concello. E por iso, **SNEP de Galicia** esixiulle que cumbran co seu labor; é a súa responsabilidade porque son escolas infantís municipais.

O concelleiro quedou de estudar algúns dos temas expostos.

O concelleiro quedou de informarse do que denunciabamos.

O concelleiro quedou de actuar sobre o das máscaras de protección.

O concelleiro quedou de darnos resposta a todo o que lle transmitimos.

A data de 19 de outubro non tiñamos contestación polo que lle enviamos un escrito por rexistro lembrándolle a xuntanza e os seus compromisos; hoxe é 20 de novembro e seguimos igual, ou peor, porque as máscaras seguen sendo as cirúrxicas, porque algunha das empresas das que tiña que informarse gañou novas licitacións, porque a situación de discriminación entre as traballadoras das distintas escolas municipais afondouse aínda máis... e por suposto, sen cumprir co seu compromiso, sen resposta.

*Xa todo son sombras, chegou a noite; esa noite onde, **o teito é de pedra**, esa noite onde **os corazóns dos homes que ao lonxe espreitan, feitos están tamén de pedra. I eu morrendo nesta longa noite de pedra**, como escribiu Celso Emilio Ferreiro.*

POR UN CONVENIO XUSTO:

- **O 1º ciclo de E. Infantil, encadrado en educación, XA!**
- **Salarios dignos e axeitados ás súas responsabilidades.**
- **Condicións laborais semellantes á do resto do persoal dos distintos convenios de educación.**

A información para todas e todos

<http://snepconcertada.blogspot.com>

<https://www.facebook.com/snep.galicia.16>